



CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO OBXECTO DE CUBRIR CON FUNCIONARIO INTERINO O EMPREGO “LIMPADOR/A” PARA PRESTAR SERVIZOS PROVISIONAIS NO CONCELLO DE ALFOZ (PROGRAMA: FOMENTO DO EMPREGO 2022 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO), E CREAR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Limpador/a”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Limpador/a - Programa Fomento de Emprego 2022 - Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Agrupacións profesionais (A.P.)
- **Duración vínculo de servizo:** 10 meses desde o nomeamento como funcionario interino e cun límite temporal do 31/10/2023.
- **Duración xornada:** Xornada completa

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Limpador/a”

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

*Documento asinado electrónicamente por JORGE VAL DÍAZ, Alcalde do Concello de Alfoz.
Alfoz, a data de sinatura ó marxe.*

